

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 2 DE DECEMBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

PROXECTO DE LEI

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Proxecto de Lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Proxecto de Lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Vilamartín de Valdeorras do treito da estrada provincial OU-0807 Vilamartín (N-536)-San Vicente, desde o p.q. 8+190 ao p.q. 8+690.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autorizan os pagamentos anticipados ata o 70 % do importe da subvención na Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas a actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, xestionadas polo Instituto de Estudos do Territorio e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2025, tramitado como expediente anticipado de gasto, por un importe dun millón de euros (1.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través do Laboratorio de Medio Ambiente, e a entidade pública empresarial Augas de Galicia para a realización de mostraxe, análise e aplicación de índices de valoración necesarios para o proceso de avaliación do estado das masas de auga, mediante tramitación anticipada de gasto, por importe de dous millóns cento sesenta e tres mil cen euros (2.163.100,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) para a execución das fases 4B e 5A da construción da nova sede no exercicio 2024. Importe total: un millón sesenta e seis mil trinta e sete euros con sesenta e dous céntimos (1.066.037,62 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o desenvolvemento dun servizo transdisciplinar de apoio para persoas con discapacidade na consecución dos seus proxectos de vida na comunidade no exercicio 2025, mediante tramitación anticipada de gasto. Importe total: seiscentos vinte e seis mil seiscentos sesenta e seis euros con sesenta e sete céntimos (626.666,67 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza eximir da constitución de garantías nos pagamentos á conta derivados da Resolución pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas ás agrupacións empresariais (clústers) innovadoras na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrência competitiva, por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba a oferta de emprego público da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. correspondente ao ano 2024.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Tui para a creación dun centro de rexeneración urbana de interese autonómico, por un importe de cento cincuenta e dous mil oitocentos oitenta euros con corenta e dous céntimos (152.880,42 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se declara área de rexeneración urbana de interese autonómico (área Rexurbe) a área continua do Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico referente á vila de Baiona.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo procedemento negociado e tramitación anticipada de gasto, da subministración sucesiva de medicamentos antirretrovirais para o tratamento de infeccións por VIH, para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de trinta e nove millóns cincocentos trinta e catro mil cincocentos oitenta e oito euros con sesenta céntimos, con IVE (39.534.588,60 €) e un valor estimado de cento cincuenta e nove millóns seiscentos cincuenta e oito mil novecentos quince euros con corenta e dous céntimos, sen IVE (159.658.915,42 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo procedemento negociado e tramitación anticipada de gasto, da subministración sucesiva de medicamentos usados no tratamento da esclerose múltiple, por un importe total de licitación de vinte millóns vinte e seis mil oitenta e catro euros con trece céntimos, con IVE (20.026.084,13 €) e un valor estimado de oitenta millóns oitocentos setenta e catro mil cincocentos setenta euros con cincuenta e nove céntimos, sen IVE (80.874.570,59 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo procedemento negociado e tramitación anticipada de gasto, da subministración sucesiva de anticorpos monoclonais fronte a mediadores/receptores da inflamación de tipo 2, para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de quince millóns cento oitenta e sete mil setecentos sete euros con oitenta e un céntimos, con IVE (15.187.707,81 €) e un valor estimado de sesenta e un millóns trescentos trinta e catro mil novecentos setenta e tres euros con oitenta e catro céntimos, sen IVE (61.334.973,84 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais a exonerar de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva, para proxectos de creación, produción, promoción e difusión musical, e se procede á convocatoria para o ano 2025, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade Federal da Bahía (Brasil) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se crea e cualifica como centro de interpretación do patrimonio cultural o Muíño do Pan de Baamonde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza subscribir o convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (Asime), para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de cincocentos vinte e seis mil cincocentos trinta euros (526.530,00 €).
- Acordo polo que se autoriza subscribir o convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Fundación Clúster de Automoción y Movilidad de Galicia (Ceaga), para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de trescentos sesenta mil catrocentos dous euros (360.402,00 €).
- Acordo polo que se autoriza subscribir o convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Asociación de Centros de Ensino de Perruquería e Estética de Galicia (Cepega), para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de trescentos noventa e nove mil novecentos trinta e cinco euros (399.935,00 €).
- Acordo polo que se autoriza subscribir o convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Clúster das Enerxías Renovables de Galicia (Cluergal), para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total dun millón douscentos trinta e tres mil seiscentos tres euros (1.233.603,00 €).
- Acordo polo que se autoriza subscribir o convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Federación Galega de Comercio, para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total dun millón catrocentos oitenta e tres mil novecentos corenta e dous euros (1.483.942,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza subscribir o convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Fundación Laboral de la Construcción–Consello Territorial de Galicia, para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de setecentos vinte e tres mil douscentos cincuenta euros (723.250,00 €).
- Acordo polo que se autoriza subscribir o convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Asociación Clúster da Función Loxística de Galicia, para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de catrocentos sesenta e nove mil seiscientos dez euros (469.610,00 €).
- Acordo polo que se autoriza subscribir o convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Asociación Clúster TIC Galicia, para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por un importe total de dous millóns cento trinta e oito mil cento trinta e seis euros (2.138.136,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e o Club Raza Can de Palleiro, para a concesión dunha axuda para a realización de actividades de promoción, fomento e difusión da raza Can de Palleiro para o período 2025-2028, por un importe total de oitenta mil euros (80.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto, e para a exención de garantías nos pagamentos á conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da adxudicación das obras de ampliación das instalacións de atracada no porto de Santo Adrán de Cobres, cun importe de adxudicación dun millón setecentos trinta mil cincuenta e oito euros (1.730.058,00 €), IVE incluído.
- Acordo polo que se toma razón do Plan de reposición e reforzo de pavimentos esgotados en diversos portos, cun importe proposto de adxudicación dun millón seiscientos vinte e nove mil trescentos dezaseis euros (1.629.316 €), IVE incluído.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a evolución da utilización da tarifa gratuíta Xente Nova e a ampliación do seu prazo de vixencia ao ano 2025.
- Informe sobre a evolución da utilización da tarifa +65 e a ampliación do seu prazo de vixencia ao ano 2025.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe sobre o proceso de construción do novo IES de Navia.
- Informe sobre o estudo de inserción laboral do alumnado de formación profesional.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a remisión ao Consello Económico e Social e ao Consello Galego de Economía e Competitividade do anteproxecto de Plan director do sector da construción naval logo de rematar o seu proceso de elaboración.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG na área urbana de Pontevedra.
- Informe sobre a estratexia de actuación para mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático de muros e noiros na Rede autonómica de estradas de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Plan sanitario de inverno 2024-2025.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre as axudas concedidas ás empresas do sector da acuicultura para o fomento da innovación, mellora tecnolóxica e competitividade no ano 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REMITE O PROXECTO DE LEI DE MEDIOS AO PARLAMENTO PARA A SÚA TRAMITACIÓN

- Rueda salienta que o obxectivo é adaptar a normativa “aos cambios que houbo nos últimos anos no audiovisual” e ao novo marco regulatorio estatal e europeo
- A norma blinda a promoción, difusión e impulso da lingua galega como misión fundamental da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia
- Aposta pola alfabetización mediática e dixital para promover o bo uso da tecnoloxía e mesmo recoñecer as noticias falsas, ao tempo que vela pola utilización responsable da intelixencia artificial

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe o proxecto de Lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, “que agora comezará a súa tramitación parlamentaria”. O texto blinda a misión fundamental da futura Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (denominación que adoptará a actual CRTVG), consistente na promoción, difusión e impulso da lingua galega.

O obxectivo da normativa, segundo explicou Rueda, é adecuar a actual lei (que data de 2011) “aos cambios que houbo nestes anos no audiovisual” así coma adaptala ao novo marco regulatorio estatal e europeo.

Entre outras novidades, o proxecto legislativo que será tramitado e debatido na Cámara galega obriga aos medios públicos autonómicos a liderar a alfabetización mediática e dixital, en colaboración co sistema educativo, para promover o uso responsable da tecnoloxía, estimular a conciencia crítica e mesmo recoñecer as noticias falsas e os procesos de desinformación.

A norma tamén vela polo uso responsable da intelixencia artificial, garantindo o respecto á dignidade humana, os dereitos fundamentais e a súa fiabilidade.

Audiovisual galego

A futura lei compromete aos medios públicos como promotores e difusores da produción audiovisual galega, aposta pola produción propia e crea un Consello Asesor de Participación Social e Profesional, integrado por 15 membros, dos que 9 serán elixidos por maioría cualificada do Parlamento de Galicia.

Coa aprobación deste proxecto de lei e a súa remisión ao Parlamento conclúe un traballo iniciado a primavera pasada, cando o anteproxecto se someteu a información pública e, posteriormente, se abriu o proceso de alegacións, en que participaron preto dunha vintena de organizacións profesionais e particulares ata sumar máis dun cento de achegas. Boa parte das alegacións foron tomadas en consideración, total ou parcialmente, ao igual que as propostas que foron transmitidas en reunións presenciais con entidades profesionais e empresariais do sector.

Ademais, tal e como explicou Rueda, a futura Lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia garante que os medios públicos producirán e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

difundirán os seus programas, contidos e servizos en lingua galega. “Será todo en galego salvo cando se trate de dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra da nosa terra”, indicou.

Aposta polo consenso

A Lei de medios, que será remitida en datas próximas ao Parlamento de Galicia, xorde con vocación de consenso. O Consello de Administración será elixido por maioría de dous terzos. De non acadarse, a votación repetirase un mes despois e abundará con maioría de tres quintos. É dicir, en calquera dos dous escenarios será elixido por maioría reforzada.

O Parlamento de Galicia elixirá tamén a Dirección Xeral da Corporación. A norma recolle a necesidade de acadar unha maioría de dous terzos nunha primeira votación. De non acadarse, a a votación repetirase un mes despois, abundando con tres quintos. Só como terceira opción se considera a elección por maioría absoluta no seguinte pleno para evitar situacións de interinidade indefinida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE GALICIA SE CONVERTE NA PRIMEIRA REXIÓN EUROPEA QUE REGULA POR LEI O USO DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL

- O Consello aproboa o proxecto de Lei para o desenvolvemento da IA en Galicia que agora será remitido ao Parlamento
- O conselleiro de Facenda e Administración pública salienta que o obxectivo é garantir unha implantación e uso "ético, seguro, fiable e centrado nas persoas" desta ferramenta
- Regulará o uso da IA na Administración e os servizos públicos; o control dos procesos de deseño e aplicación; os instrumentos de xestión e colaboración e as medidas para facilitar e promover o seu uso no tecido produtivo
- A Xunta emprega sistemas de intelixencia artificial para aspectos como a detección precoz do cancro de mama, o emprego, a simplificación das tramitacións administrativas ou a xestión do medio rural

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe o proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia que agora será remitido ao Parlamento. Deste xeito, salientou que, "Galicia convértese na primeira rexión europea en regular por lei o deseño, adquisición e uso desta ferramenta, primeiro na administración e logo en toda a sociedade".

O obxectivo, tal e como resaltou o conselleiro de Facenda e Administración pública, Miguel Corgos, é garantir un desenvolvemento e unha utilización da intelixencia artificial "ética, segura, fiable e centrada nas persoas". "Dotamos á comunidade dun marco xurídico estable que de certezas e blinde dereitos", engadiu.

En virtude desta lei, as actuacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público que impliquen o uso desta tecnoloxía deberán contar cun informe de proxecto de IA que, ademais de describir o seu funcionamento e características detalladas, incluírá unha avaliación de impacto relativo aos dereitos fundamentais das persoas, de acordo co modelo da Oficina Europea de IA.

A lei, segundo indicou o conselleiro, tamén "prevé a supervisión humana" en todos os procedementos administrativos que empregan esta tecnoloxía sempre que sexa necesaria ou solicitada por calquera persoa implicada no trámite.

A lei parte do convencemento de que Galicia pode e debe asumir o papel de liderado que lle corresponde na conformación dunha rexión intelixente a través da ordenación e xestión dunha das tecnoloxías que está a marcar o futuro da humanidade.

A norma está en plena conexión coa lexislación comunitaria e coas ideas expresadas por organismos multilaterais (como a OCDE, a Comisión Europea ou o Consello de Europa), que animan os gobernos a desenvolver unha contorna de políticas que faga posible a adopción de sistemas de intelixencia artificial dun xeito fiable e seguro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para velar polo cumprimento destes principios e obxectivos, a lei regula a creación de novos órganos, como a Oficina de Intelixencia Artificial de Galicia ou o Consello Galego de Intelixencia Artificial, así como de novas figuras, como o comisionado en intelixencia artificial, que velará pola prevención, detección e eliminación de riscos e resultados negativos, ou o inventario de sistemas de intelixencia artificial, que reflectirá o ciclo de vida de cada sistema, desde o seu deseño ata a súa desactivación.

A intelixencia artificial na Xunta de Galicia

Na actualidade, tal e como indicou Corgos, a Xunta de Galicia emprega e desenvolve en todos os seus ámbitos de competencia sistemas que utilizan a intelixencia artificial. O seu uso permitirá, por exemplo, reducir ata unha terceira parte as lesións que poden pasar desapercibidas nunha lectura convencional das mamografías para a detección de cancro de mama, así como poder analizar un maior número de probas en menor tempo.

Tamén se emprega intelixencia artificial para axudar as persoas a atopar emprego ao relacionar oferta e demanda laboral a través dunha ferramenta pioneira en España e Europa que permitirá realizar o perfilado competencial de 70.000 persoas ata setembro de 2025.

Esta tecnoloxía tamén está a ser especialmente útil para a xestión do medio rural e a redución das diferenzas con respecto ás zonas urbanas. A Xunta ten en marcha o desenvolvemento dun sistema de inspeccións intelixentes avanzadas no marco da política agraria común (PAC) que permite aumentar o número de inspeccións da PAC, así como a súa eficiencia, ademais de reducir a complexidade e custos. Galicia tamén usa a intelixencia artificial para a detección automática de incendios forestais, así como para prever a evolución dos lumes de especial gravidade.

Na Administración, os sistemas de IA empréganse para reducir os tempos e facilitar as tramitacións por parte da cidadanía e do persoal empregado público con sistemas como a Plataforma de automatizacións da Xunta de Galicia.

A lei e os sectores produtivos

A lei recoñecerá o carácter de sector estratéxico para as empresas cuxa actividade teña relación directa con esta tecnoloxía. Entre as medidas para promoción da IA nos sectores privados, a lei impulsará a creación de factorías de intelixencia artificial, de acordo coa recomendación da Comisión Europea, arredor do Centro de Supercomputación de Galicia. Estas factorías estarán abertas ás empresas emerxentes ou a calquera axente do ecosistema de IA que necesite desenvolver, adestrar e validar sistemas de intelixencia artificial. Tamén facultará a creación dun sistema de vixilancia tecnolóxica en intelixencia artificial para as empresas. Regula, así mesmo, a creación de programas de incubación, aceleración e consolidación de *startups* en IA, así como un fondo de participación en empresas que desenvolvan en Galicia sistemas de IA.

Tras a aprobación no Consello de Goberno, o proxecto de lei será agora remitido ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación definitiva.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS DO TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL QUE UNE VILAMARTÍN E SAN VICENTE

- Transfírense á Administración local o treito de 500 metros de lonxitude da OU-0807, que se inicia no punto quilométrico 8+190 e remata no 8+690
- Co cambio de titularidade o Concello de Vilamartín de Valdeorras terá a competencia para actuar neste treito e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Vilamartín de Valdeorras do treito da estrada provincial OU-0807 Vilamartín (N-536)-San Vicente.

Trátase, concretamente, do treito de 500 metros de lonxitude da OU-0807, que se inicia no punto quilométrico 8+190 e remata no 8+690.

O Concello de Vilamartín de Valdeorras solicitou á Deputación Provincial de Ourense o cambio de titularidade do citado treito da OU-0807. A administración provincial aceptou o cambio de titularidade proposto pola entidade local.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade deste treito da estrada provincial Vilamartín (N-536)-San Vicente.

A transferencia deste treito a prol do Concello de Vilamartín de Valdeorras tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O Departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Vilamartín de Valdeorras terá a competencia para actuar neste treito da estrada provincial OU-0807, e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ EN XANEIRO AXUDAS A PARTICULARES E CONCELLOS POR 2 M€ PARA MELLORAR A IMAXE EXTERIOR DE VIVENDAS E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS CO OBXECTIVO DE ACHEGAR O 'FERMOSISMO' AO 100 % DE GALICIA

- Os propietarios poderán acceder a incentivos de ata 3.000 € para mellorar o aspecto exterior dos seus inmobles e as entidades locais terán á súa disposición un máximo de 40.000 € para actuaren en dependencias municipais e outras edificacións
- As administracións locais poderán solicitar o cobramento dun anticipo do 70 % do importe da axuda, o que permitirá obter liquidez para o inicio e a execución das actuacións
- Como novidade para a convocatoria de 2025, o prazo de solicitude das axudas abrirase aos 7 días hábiles da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* para que os interesados poidan analizar e recompilar con calma a documentación requirida
- Desde a posta en marcha do programa no ano 2021, o Goberno autonómico apoiou xa o financiamento de preto de 2.400 actuacións nun total de 283 concellos galegos

A Xunta publicará no mes de xaneiro unha nova convocatoria das axudas dirixidas a propietarios particulares e a concellos para executar actuacións destinadas a corrixir os impactos paisaxísticos que poden provocar vivendas e construcións privadas, edificios e equipamentos públicos municipais pola deterioración exterior causada polo paso do tempo ou por unha conservación insuficiente. O orzamento inicial destinado a ambas as liñas é de 2 millóns de euros, 1 millón para cada unha.

Por quinto ano consecutivo e tras recibir esta mañá o visto e prace do Consello, o Goberno galego volverá apostar por estas subvencións, un programa pioneiro impulsado en 2021 polo Instituto de Estudos do Territorio —organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático— e que nas súas anteriores convocatorias tivo unha moi boa acollida tanto por parte da cidadanía como das entidades locais.

De feito, nos últimos catro anos as axudas para a corrección de impactos paisaxísticos permitiron executar diferentes tipos de actuacións en 283 dos 313 municipios galegos, máis do 90 % do total. Por iso, o obxectivo para esta nova convocatoria será chegar grazas a elas ao 100 % de Galicia para lograr que a aposta da Xunta polo *fermosismo* a través da sensibilización cidadá e da colaboración con outras administracións públicas se estenda polo conxunto da comunidade.

En concreto, os particulares poderán recibir ata 3.000 euros para mellorar o aspecto de vivendas e doutras construcións, como muros de peche, mentres que as entidades locais terán á súa disposición un máximo de 40.000 euros (20.000 euros por cada liña) para actuar en edificios e dependencias de servizos municipais —liña 1— ou en construcións, equipamentos públicos e bens do patrimonio etnográfico local —liña 2— que polo seu aspecto ou deterioración provoquen unha distorsión na contorna onde se localizan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As contías máximas previstas en ambas as ordes de axudas permitirán cubrir ata o 70 % do investimento subvencionable de forma que, na práctica, se mobilizarán preto de 2,9 millóns de euros grazas á concesión destes incentivos económicos.

Ademais, estímase que grazas aos 2 millóns de euros con que estarán dotadas inicialmente ambas as liñas —1 millón cada unha— se poderá axudar o ano que vén a medio cento de municipios e a case 400 cidadáns a mellorar a imaxe dos seus inmobles.

Convocatorias 2025

Con base na experiencia dos anos anteriores, nesta nova convocatoria das axudas para a corrección de impactos paisaxísticos seguirase apostando pola simplificación dos trámites e da documentación que hai que presentar, ao tempo que se axiliza a súa resolución. Como novidade, en lugar de abrir o prazo de solicitudes o día seguinte ao da publicación das ordes no *Diario Oficial de Galicia*, agardarase 7 días hábiles co fin de favorecer que os posibles concellos e particulares beneficiarios poidan analizar con calma a convocatoria e preparar a documentación precisa, que, en todo caso, será a mínima posible e caracterizarase pola súa sinxeleza.

No caso das entidades locais, deberán ter menos de 20.000 habitantes para beneficiarse e poderán solicitar o cobramento dun anticipo do 70 % da axuda. Esta medida facilitaralles liquidez para a contratación do inicio e da execución das actuacións, xa que no propio momento da resolución da subvención lles será aprobado o anticipo.

Ademais, en 2025 os particulares poderán volver xestionar as súas solicitudes a través de entidades xurídicas como asesorías, xestorías ou asociacións veciñais, unha medida que busca facilitar ao máximo a tramitación e o acceso aos fondos consignados.

En canto ás intervencións subvencionables, no caso da liña dirixida á cidadanía prevese a posibilidade de actuar sobre fachadas (o tipo de actuación máis solicitada), cubertas e muros de peche pero tamén se financiará a retirada de elementos adxacentes aos bens en que se vaia intervir cando prexudiquen a súa imaxe ou causen algún tipo de impacto.

Pola súa banda, as actuacións promovidas polos concellos poderán ser obras de índole menor que melloren o aspecto e conservación de elementos etnográficos como fontes, lavadoiros públicos, palcos de música e hórreos, ou ben incidir na renovación e remate exterior de fachadas, cubertas e muros de cerramento de edificios municipais.

Máis de 2.400 actuacións en 4 anos

No marco das catro convocatorias anteriores (2021, 2022, 2023 e 2024), a Xunta xa apoiou 116 entidades locais e 2.170 particulares na execución de 2.425 obras e actuacións que contribuíron a fomentar a cultura do *fermosismo* nun total de 283 concellos, o que representa case o 91 % dos municipios galegos.

Ademais, as axudas concedidas suman preto de 9,6 millóns de euros aínda que o investimento total mobilizado neste período se achega aos 14 millóns tendo en conta

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que tanto os concellos como os particulares beneficiados tiveron que completar a axuda con fondos propios para poder cubrir o 100 % do orzamento das obras.

A paisaxe en todas as súas formas é un elemento que contribúe a mellorar a calidade de vida e o benestar dos cidadáns, xa que a contorna das persoas inflúe notablemente na súa actividade diaria, por iso resulta clave protexer a diversidade paisaxística de Galicia.

Neste sentido, coa nova convocatoria destas liñas de subvencións promóvese unha cultura de dignificación do territorio galego en que a participación da sociedade resulta estratéxica, fomentando o coidado da riqueza paisaxística e avanzando na aposta da Xunta polo *fermosismo*, ao tempo que se realizan accións concretas de protección, potenciación e mellora das paisaxes e se sensibiliza e forma sobre a materia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 2,1 M€ A REFORZAR OS CONTROIS NAS MASAS DE AUGA DA BACÍA GALICIA-COSTA PARA VELAR POLO SEU BO ESTADO E OPTIMIZAR A XESTIÓN DOS RÍOS

- O Consello autoriza un novo acordo de colaboración entre Augas de Galicia e o Laboratorio de Medio Ambiente, que se encarga das mostraxes desde 2016
- Entre as principais novidades que se incorporarán nos dous próximos anos cómpre destacar o desenvolvemento de novas técnicas para o seguimento de contaminantes e substancias emerxentes e dun programa específico para analizar augas portuarias
- A demarcación hidrográfica conta con 382 puntos de control en ríos repartidos por toda a bacía nos cales se toman miles de mostrax e análises ao longo do ano
- Grazas a esta vixilancia periódica das canles fluviais, facilítase a protección e o equilibrio dos ecosistemas acuáticos, garántese a calidade da auga para consumo humano e contribúese a prever alteracións e anticipar as posibles solucións

A Xunta destinará un orzamento estimado en 2,1 millóns de euros a reforzar, mellorar e diversificar os programas de control das masas de auga superficiais da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa durante os anos 2025 e 2026, uns traballos imprescindibles para velar polo bo estado dos recursos hídricos e optimizar a xestión dos ríos grazas a un mellor coñecemento do medio.

Con tal fin, o Consello autorizou esta mañá a subscrición dun acordo de colaboración entre Augas de Galicia e o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (LMAG), dependentes da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e que desde o ano 2016 traballan da man na programación e toma de mostrax nas augas superficiais desta bacía, así como na determinación dos indicadores que permiten avaliar a súa calidade.

Precisamente, unha das obrigas de Augas de Galicia como organismo hidráulico autonómico é analizar de forma periódica o estado das masas da demarcación de Galicia-Costa, tal e como exige a directiva marco da auga e as normativas estatais. O desenvolvemento desta obriga exige un control continuo e periódico do estado das masas de auga, o que comporta a realización de miles de mostraxes cada ano, un traballo que encaixa perfectamente coas funcións do LMAG.

Este será o cuarto acordo de colaboración que subscriban ambas as entidades (o primeiro data do ano 2016, o segundo asinouse en 2019 e o máis recente, en 2021) e en cada un deles ambas as partes buscaron introducir avances que axuden a mellorar os resultados.

Entre as principais novidades que se prevé implementar no período 2025-2026 cómpre destacar o desenvolvemento de técnicas analíticas para o seguimento de novos contaminantes e substancias emerxentes, o que permitirá a Galicia estar máis preparada fronte a posibles elementos contaminantes que de momento non se están controlando e poder tomar medidas para atallalos ou minimizar o seu impacto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outra das melloras do novo acordo é a incorporación dun programa específico para analizar as augas portuarias, o que permitirá determinar por primeira vez a súa calidade.

Finalmente, no próximo período, o estado xeral das masas superficiais non se valorará só desde un punto de vista fisicoquímico senón tamén hidromorfolóxico. Isto significa que se vai poder ter un mellor coñecemento do comportamento das masas de auga para tomar as decisións máis axeitadas para a súa mellora.

Repartición de funcións

Tal e como se fixa no propio acordo e respectando as capacidades e medios de cada organismo, o Laboratorio de Medio Ambiente encargárase de realizar as mostraxes e análises en augas superficiais continentais, augas costeiras e augas de transición, mentres que Augas ofrecerá o seu apoio técnico e supervisará os traballos.

En total, a bacía Galicia-Costa ten 382 puntos de control establecidos en ríos: 89 para realizar unha avaliación xeral do estado das masas de auga, 186 puntos no marco dun programa específico de seguimento de zonas protexidas, e outros 107 para vixiar as masas de auga que poidan ter risco de non cumprir os obxectivos ambientais.

En canto á programación das actuacións e as metodoloxías que se van aplicar, determinaranse conxuntamente e conforme a normativa vixente. Ademais, no marco do acordo de colaboración tamén se aproveitarán as mostraxes das augas superficiais para levar un rexistro de especies exóticas invasoras e outros elementos de relevancia ambiental.

Toda esta información xunto cos resultados das mostraxes químicas, físicas e biolóxicas das masas de auga (que permiten analizar uns 50.000 parámetros anuais nos ríos galegos) serán a base para elaborar informes periódicos e con datos xeorreferenciados que compartirán ambos os organismos. Este traballo servirá para que Augas poida realizar unha avaliación e seguimento do estado das masas superficiais da demarcación galega e comparalo cos índices e metodoloxías marcados pola lexislación sectorial vixente.

Outros acordos

O acordo autorizado hoxe permite mellorar o coñecemento do medio hídrico na bacía Galicia-Costa, que é a base para realizar unha xestión axeitada dos ríos e acadar un equilibrio entre os obxectivos ambientais dos ecosistemas acuáticos e as actividades cotiás e económicas que se desenvolven na auga ou a necesitan para o seu progreso.

Polo tanto, a colaboración entre Augas de Galicia e o LMAG comporta importantes beneficios para o ambiente, a sustentabilidade e a calidade de vida dos galegos. De feito, grazas a esta vixilancia periódica das masas superficiais mellórase a xestión da demarcación en aspectos tales como a protección dos recursos hídricos e o equilibrio dos ecosistemas acuáticos; a garantía da calidade da auga para consumo humano e outros usos naturais, ou a prevención de posibles alteracións facilitando unha detección temperá, o que permite anticiparse ao problema e propoñer posibles solucións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, cómpre lembrar que Augas de Galicia e o LMAG colaborarán tamén a partir do ano que vén na toma de mostras e no seguimento da calidade das augas subterráneas de Galicia-Costa a través de 76 puntos de control, entre pozos, fontes e mananciais. En concreto, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático destinará 620.000 euros no período 2025-2026 a financiar estes traballos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1,5 M€ ÁS OBRAS DA NOVA SEDE CENTRAL DE COGAMI E AO PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL Á DISCAPACIDADE QUE LEVA A CABO A ENTIDADE

- Achéganse 800.000 euros para o inmovible que a Confederación está a construír en Santiago de Compostela e que albergará os servizos de emprego e formación, programas e a xestión das empresas do grupo
- Ademais, concédense 630.000 euros para dar continuidade ao programa individualizado de coidados que a entidade realiza no Cegadi

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) que suman preto de 1,5 millóns de euros e que teñen por obxecto o financiamento das obras da nova sede central da entidade en Santiago de Compostela e dar continuidade ao programa de atención integral que se realiza no Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi).

O primeiro dos acordos ten un importe de 800.000 euros, que se destinarán, principalmente, a obras na cuberta e nas fachadas do edificio que Cogami está a construír na capital galega. Estas instalacións albergarán servizos de emprego e formación, programas para a mellora da autonomía persoal e tamén a xestión das empresas do grupo. Ademais, permitirá agrupar nun mesmo espazo os servizos que a entidade ten agora dispersos pola cidade.

O segundo dos convenios é para dar continuidade ao programa de atención integral a persoas con discapacidade que se leva a cabo no Cegadi. A Xunta apoia este programa desde hai cinco anos e para o seu mantemento no 2025 achega 630.000 euros. Esta contía permite executar un plan individualizado de coidados con técnicas innovadoras na atención á discapacidade, tanto en idades temperás como nas persoas adultas.

Este programa inclúe coidados fisioterapéuticos, terapia ocupacional, servizos de logopedia e de neuropsicoloxía para a recuperación de funcións cognitivas danadas. Tamén se levan a cabo terapias acuáticas e faise uso doutros equipamentos con que conta o centro, como as salas de integración e estimulación sensorial ou as de psicomotricidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE A ACTIVIDADE DOS CLÚSTERS COMO IMPULSORES DA INNOVACIÓN, A COMPETITIVIDADE E O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE DA INDUSTRIA E DOS SERVIZOS

- O programa promove o desenvolvemento de accións de divulgación e difusión, elaboración de estudos, prospección de mercados, ou fomento e impulso da colaboración empresarial e sectorial
- O importe máximo dos proxectos establécese en 400.000 € mentres que os apoios poderán alcanzar o 70 % dos custos, prevéndose pagamentos á conta que poden chegar ata o 80 % da subvención concedida
- A través destas axudas, desde 2013 apoiáronse máis de 50 iniciativas lideradas por estas organizacións, que mobilizaron preto de 17M € cun importe de axudas de máis de 10M €

O Consello da Xunta coñeceu hoxe da nova convocatoria da liña de axudas destinadas a fortalecer o papel dinamizador dos clústers galegos na actividade económica da comunidade. Cun orzamento total de 2 millóns de euros, estes apoios permitirán poñer en marcha plans de actuación orientados ao fomento da competitividade sustentable, á innovación e á cooperación empresarial.

A iniciativa está dirixida ás agrupacións empresariais innovadoras, que se conciben como unha combinación de empresas e centros tecnolóxicos, de investigación ou formación, involucrados nun proceso colaborativo e cuxa actividade se organiza arredor dunha cadea de valor ou sector tecnolóxico ou dun mercado.

Neste sentido, os apoios abranguen, entre outras actividades, diversas actuacións, como o impulso de accións de divulgación, sensibilización e concienciación en temas de dixitalización, sustentabilidade e internacionalización; estudos e análises sobre cadeas de valor ou tendencias emerxentes; prospección de mercados e creación de mapas sectoriais ou tecnolóxicos, ou o fomento da colaboración empresarial e sectorial.

O importe máximo por proxecto establécese en 400.000 euros, que pode cubrir ata o 70 % dos custos subvencionables. Ademais, prevese a posibilidade de pagamentos á conta que poden alcanzar ata o 80 % da subvención concedida.

Un programa consolidado desde 2013

Desde o seu inicio en 2013, este programa permitiu apoiar máis de 50 iniciativas lideradas por clústers galegos, que mobilizaron preto de 17 millóns de euros, dos cales máis de 10 millóns corresponden a axudas directas. Estas actuacións contribuíron de modo significativo á mellora da competitividade e á adaptación das empresas galegas aos retos globais.

Deste xeito, o Goberno galego busca poñer en valor o papel estratéxico dos clústers para impulsar a innovación e a competitividade nas pequenas e medianas empresas de Galicia. Ademais, estas medidas potencian o desenvolvemento sustentable e a creación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de emprego, ao tempo que reafirman o compromiso da Xunta co crecemento económico sustentable e co fortalecemento das empresas galegas nun mercado global cada vez máis competitivo.

As solicitudes poderán presentarse nun prazo dun mes desde a publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, mentres que o prazo para a execución dos plans de actuación poderá chegar ata o 30 de setembro de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA CRTVG CON 19 PRAZAS

Destas prazas, 10 pertencen á quenda xeral e outras 9 resérvanse para promoción interna

O Consello da Xunta do día 2 de decembro autorizou a oferta de emprego público (OEP) da Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) pola que se convocarán 19 prazas, 10 da quenda xeral e 9 de promoción interna.

As 9 prazas de promoción interna, que serán obxecto de convocatoria separada, están destinadas a empregados e empregadas públicas que xa teñen un posto fixo na Administración.

En canto ás prazas de acceso libre, a previsión é ofertar 2 prazas de técnico/a de administración (nivel 3); 1 praza de reporteiro/a gráfico/a (nivel 4); 1 praza de técnico/a de control (nivel 4); 3 prazas de axudante de realización (nivel 5); 1 praza de técnico/a de son (nivel 5); 1 praza de técnico/a de iluminación (nivel 5) e 1 praza de oficial administrativo/a (nivel 7).

No que se refire ás prazas de promoción interna, ofertaranse 1 praza de produtor/a (nivel 1); 2 prazas de realizador/a (nivel 1); 2 prazas de redactor/a (nivel 1); 1 praza de técnico/a de sistemas (nivel 3); 1 praza de reporteiro/a gráfico/a (nivel 4); 1 praza de técnico/a de control (nivel 4) e 1 praza de técnico de son (nivel 5).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE TUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO CENTRO QUE XESTIONA A ÁREA REXURBE DESTE MUNICIPIO

- A Administración autonómica cofinanciará nun 60 % o funcionamento deste centro dependente da entidade local cun investimento de case 153.000 € para os anos 2025 e 2026
- O centro funcionará como punto de información, asesoramento e xestión da área Rexurbe de Tui para impulsar as actuacións de rexeneración e dinamización do ámbito
- O Concello de Tui está incluído no programa Rexurbe polo que a Xunta, de forma directa e con cargo aos seus orzamentos, adquire e rehabilita vivendas localizadas en conxuntos históricos
- A Xunta, no marco deste programa, adquiriu catro inmobles nas rúas Bispo Castañón, San Telmo e Cuenca
- O Concello de Tui tamén está incluído na ARI supramunicipal do Camiño Portugués. Inclúe o trazado do Camiño nas parroquias de Randufe, Rebordáns, Ribadelouro e O Sagrario

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Concello de Tui para o desenvolvemento dun centro que xestionará a área Rexurbe deste municipio.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), cofinanciará nun 60 % o funcionamento deste centro dependente da entidade local, achegando un investimento de case 153.000 € para os anos 2025 e 2026.

O convenio establece que lle corresponde ao Concello de Tui a creación e xestión do centro Rexurbe, dotándoo dos medios materiais e humanos necesarios para atender as finalidades que lle encomenda a Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, que crea a figura destas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico.

Este centro funcionará como punto de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión da área Rexurbe de Tui, co obxectivo de impulsar as actuacións de recuperación, rexeneración e dinamización da área.

As instalacións deberán dispoñer do persoal necesario e un local accesible ao público, con entrada independente. Tamén contará cos programas informáticos compatibles coa plataforma informática de rehabilitación que facilite o IGVS.

Área Rexurbe.

A área Rexurbe do Concello de Tui foi declarada polo Consello da Xunta do 9 de setembro de 2021 e o seu plan de dinamización foi aprobado polo Consello da Xunta do 25 de xaneiro de 2024. O convenio autorizado polo Consello da Xunta permite poñer en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


marcha o centro Rexurbe que se encargará da xestión das actuacións incluídas no plan de dinamización elaborado polo Concello.

Ademais, o municipio pontevedrés está incluído no programa Rexurbe polo que a Xunta, de forma directa e con cargo aos seus orzamentos, adquire e rehabilita vivendas localizadas en conxuntos históricos. No marco deste programa, adquiríronse nestes últimos anos catro inmobles, por un importe total de preto de 303.000 euros. Estes inmobles sitúanse na rúa Bispo Castañón, 20; na rúa San Telmo, 42, e na rúa Cuenca, 42 e 18, respectivamente.

Por outra banda, actualmente hai tres convenios na Área de Rehabilitación Integral en execución por un importe que rolda os 214.000 euros, dos cales xa están xustificadas polo concello preto de 45.000 euros.

O Concello de Tui tamén está incluído na ARI supramunicipal do Camiño portugués. Inclúe o trazado do Camiño nas parroquias de Randufe, Rebordáns, Ribadelouro e O Sagrario (no casco urbano)

Plano da área Rexurbe:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á DECLARACIÓN DE BAIONA COMO NOVENA ÁREA REXURBE CO OBOJECTIVO DE DINAMIZAR O SEU CONXUNTO HISTÓRICO ARTÍSTICO E A SÚA CONTORNA

- O ámbito abrangue unha superficie de 160.000 m², onde están localizados 456 edificios, 797 vivendas e 241 locais comerciais
- Tras a declaración no *Diario Oficial de Galicia*, o seguinte paso é a aprobación do plan de dinamización, que ten que elaborar o Concello para coordinar as actuacións públicas e privadas destinadas á rexeneración destes ámbitos
- O obxectivo principal é manter e mellorar as dinámicas e servizos do conxunto histórico do municipio como espazo central, fomentando a heteroxeneidade de usos
- Con esta declaración da Área Rexurbe xa son 9 os conxuntos históricos con esta figura: Mondoñedo, A Coruña, Ribadavia, Tui, Ribadeo, Ferrol, Betanzos e Monforte de Lemos

O Consello da Xunta vén de darlle luz verde á declaración da novena área de rexeneración urbana de interese autonómico de Galicia, coñecida como Área Rexurbe, co obxectivo de dinamizar e revitalizar o seu conxunto histórico artístico e a súa contorna.

A proposta aprobada hoxe abrangue unha superficie de 160.000 m², con 456 edificios, 797 vivendas e 241 locais comerciais, e que é coincidente coa área continua do Plan especial de protección do conxunto histórico-artístico referente da vila do municipio pontevedrés.

O obxectivo desta declaración por parte do Goberno galego é facilitar a mellora das condicións de vida dos veciños de Baiona e contribuír á posta en valor do seu conxunto histórico artístico, o que repercute en toda Galicia pola importancia de manter o seu patrimonio edificado con especial protección dos declarados Ben de Interese Cultural (BIC).

A Área Rexurbe é unha figura creada ao abeiro da Lei de rehabilitación de Galicia en que, ademais da recuperación edificatoria e urbanística, tamén se inclúen medidas de dinamización social, demográfica e económica, polo que a súa aplicación é transversal e implica distintos departamentos administrativos.

As medidas que se van adoptar deberán estar recollidas no plan de dinamización, que redactará o Concello, onde tamén se indicará o custo estimado das actuacións e as fontes de financiamento para levalas a cabo. Para ese fin, conta cun modelo elaborado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, segundo o establecido na devandita lei.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con todo, na proposta pola cal se declara a Área Rexurbe xa se recolle como meta principal manter e mellorar as dinámicas e servizos do conxunto histórico como espazo central, fomentando a heteroxeneidade de usos.

Para iso, inclúense ademais, como obxectivos secundarios fomentar a rehabilitación e rexeneración, con especial énfase nos inmobles en ruínas, procurando mellorar a accesibilidade; a aposta pola mobilidade peonil, contribuíndo a mellorar o espazo público, renovando as instalacións de cara a xerar un núcleo atractivo e competente para a residencia e heteroxeneidade de usos, e o impulso da actividade económica destinada á poboación residente en convivencia coa turística, evitando a dependencia de mercados únicos.

En concreto, propiciárase co apoio do Plan de mobilidade urbana sustentable, pendente de aprobación, reordenar os fluxos existentes no ámbito, revitalizando os espazos de lecer e comerciais, reforzando o acceso ao estacionamento para os residentes e analizando solucións que poidan paliar a falta de accesibilidade.

Propónse desenvolver programas específicos de mobilización de vivenda baleira, intentando aumentar a porcentaxe de vivenda principal e apoiar a rehabilitación para alugueiro de continuidade de longa duración.

Tamén se levará a cabo o soterramento dos cables aéreos en todo o conxunto, xunto coa instalación de fibra óptica, e incidirase especialmente na iluminación, eliminación de pintadas non artísticas, renovación de mobiliario urbano e estudo de conxunto dos espazos de estacionamento dispoñibles para os residentes.

No ámbito económico fomentárase a introdución de novas tipoloxías empresariais nos locais comerciais baleiros existentes no conxunto. Isto deberá verse completado con melloras nos servizos, principalmente con respecto ás infraestruturas de telecomunicacións (fibra óptica e locais comerciais sen acceso á internet).

Ademais, levaranse a cabo actuacións encamiñadas a dotar de máis dinamismo comercial as rúas que comprende o tramo do Camiño de Santiago portugués que transcorre polo conxunto histórico-artístico.

No ámbito social impulsaranse as Iniciativas culturais e de lecer vencelladas á xente maior, así como programas de convivencia interxeracional, fundamentais neste ámbito. Tamén se propón a realización de actividades de lecer encamiñadas á poboación máis nova e/ou adolescente e facilitar a conciliación das nais e pais.


Cómpre lembrar que en Baiona declarouse a ARI no ámbito da vila de Baiona o 18 de febreiro de 2011.

A Área Rexurbe de Baiona declarada hoxe polo Executivo autonómico é a novena da Comunidade, xa que se suma á lista das recoñecidas nestes últimos anos en Mondoñedo, A Coruña, Ribadavia, Tui, Ribadeo, Ferrol, Betanzos e Monforte de Lemos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A solicitude de declaración dunha área de rexeneración urbana de interese autonómico de Galicia preséntaa o Concello cunha proposta que delimitará o ámbito e comprenderá, de xeito detallado, a estratexia social, económica, urbanística e arquitectónica que se pretende levar a cabo para conseguir a efectiva recuperación e dinamización do ámbito. A declaración da Área Rexurbe corresponde ao Consello da Xunta de Galicia e deberase publicar no *Diario Oficial de Galicia*.

No plano anexo figura a súa delimitación:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 74,5 M€ NA ADQUISICIÓN DE MEDICAMENTOS PARA O TRATAMENTO DA ESCLEROSE MÚLTIPLE, O VIH E PATOLOXÍAS RESPIRATORIAS E DERMATOLÓXICAS

- O Consello autoriza a contratación da subministración de medicamentos fronte á esclerose múltiple por máis de 20 millóns; de antirretrovirais para o VIH por 39,5 millóns, e para tratar enfermidades inflamatorias de tipo respiratorio e dermatolóxico por 15,1 millóns de euros
- Estes novos contratos inclúen a administración de 7 novos fármacos que supoñen as últimas innovacións terapéuticas comercializadas e que se incorporarán ao sistema público
- A duración inicial dos contratos é de 12 meses, prevendo todos eles posibles prórrogas por tres anos máis

O Consello da Xunta autorizou esta mañá tres novos expedientes de contratación destinados á subministración sucesiva de medicamentos para o tratamento da esclerose múltiple, das infeccións provocadas polo VIH e de diversas patoloxías inflamatorias de carácter respiratorio e dermatolóxico. O Executivo galego investirá 74.748.379 millóns de euros para dotar os centros do Servizo Galego de Saúde dos medicamentos necesarios para facer fronte a estas enfermidades.

En concreto, o primeiro destes expedientes prevé un investimento de 20.026.084 euros para a compra de tratamentos modificadores do curso da enfermidade de esclerose múltiple. Así, entre eles atópanse anticorpos monoclonais como *Alemtuzumab*, *Ocrelizumab* e *Ofatumumab*, ou os tratamentos orais *Cladribina* e *Siponimod*.

A esclerose múltiple é a causa máis frecuente de discapacidade non traumática en adultos novos -e de mediana idade-, e tamén se trata dunha doenza coa capacidade de reducir dun xeito moi significativo a esperanza de vida. Neste sentido, os medicamentos adquiridos contribúen a previr a aparición de novos brotes, facendo que estes sexan máis leves e que tamén se atrase a aparición da discapacidade. En España, a prevalencia desta enfermidade sitúase nunha marxe de entre 100 e 125 casos por cada 100.000 habitantes.

O segundo dos contratos autorizados hoxe polo Executivo galego suporá un investimento de 39.534.588 millóns de euros e ten por finalidade a adquisición de tratamentos antirretrovirais con que abordar as infeccións por VIH.

Na actualidade, o Servizo Galego de Saúde conta con máis de 6.300 pacientes con algún destes tratamentos antirretrovirais activo. Estes medicamentos son quen de reducir a morbilidade e a transmisión da infección por VIH. Entre os obxectivos destes medicamentos destaca conseguir a máxima -e duradeira- supresión da carga viral plasmática, restablecer e preservar a función inmunolóxica, así como reducir a morbilidade asociada a esta enfermidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O terceiro dos contratos ten por obxecto a subministración sucesiva de anticorpos monoclonais fronte a mediadores/receptores da inflamación de tipo 2 para a súa utilización en patoloxías respiratorias e dermatolóxicas con compoñente inflamatorio. Neste caso, a Xunta destinará 15.187.707 de euros á súa adquisición.

As enfermidades inflamatorias crónicas requiren da utilización deste tipo de medicamentos dado que actúan bloqueando distintos mediadores da inflamación, empregándose na fase da enfermidade moderada-grave, cando non responde ás opcións terapéuticas usadas nos primeiros chanzos do tratamento.

Estes contratos inclúen a adquisición de 7 novos fármacos que supoñen as últimas innovacións terapéuticas comercializadas e que se incorporarán ao sistema público: 3 novos fármacos para incluír os últimos tratamentos fronte ao VIH; 2 novos medicamentos fronte á esclerose múltiple, e outros 2 fronte a patoloxías respiratorias e dermatolóxicas.

A totalidade destes contratos ten unha duración inicial dun ano e prevese, así mesmo, unha posible prórroga por tres anos máis, cun valor estimado que ascendería a case 302 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA AXUDAS PARA O APOIO INTEGRAL ÁS CARREIRAS MUSICAIS DE ARTISTAS E GRUPOS DE GALICIA CUNHA DOTACIÓN DE 150.000 EUROS

- O Consello autoriza a próxima convocatoria destas subvencións para un mínimo de 10 proxectos de creación, produción, promoción e difusión musical, presentados por empresas de *management* ou edición fonográfica
- Valoraranse para a súa concesión criterios relacionados coas traxectorias empresariais e artísticas, co emprego do galego ou coa presenza feminina

O Consello da Xunta aprobou hoxe a activación dunha nova liña de subvencións para proxectos de creación, produción, promoción e difusión musical, a través da cal se investirán 150.000 euros no apoio integral a carreiras de artistas e grupos que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia.

O obxectivo desta convocatoria, inserida no programa de subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais para 2025, é impulsar o talento musical galego, ao tempo que consolidar a cadea de valor desta industria cultural, de xeito que se favoreza a calidade dos proxectos, a profesionalización e a modernización, co foco posto no uso das novas tecnoloxías e a dixitalización.

Poderán optar a estas axudas empresas galegas (pemes e persoas traballadoras autónomas) que se dediquen ao *management* artístico ou á edición fonográfica para impulsar o ascenso ou a consolidación dos artistas e bandas que representan a través de calquera dos ámbitos do proceso musical.

Ata 15.000 euros por proxecto

As bases elevadas hoxe ao Consello da Xunta establecen unha axuda máxima de 15.000 euros por proposta, cunha intensidade de ata o 75 % do orzamento subvencionable, de xeito que poidan cofinanciarse un mínimo de 10 proxectos. Para a súa concesión, en réxime de concorrência competitiva, valoraranse as traxectorias da empresa e da formación musical para a cal se solicita a axuda, así como o uso do galego ou a presenza feminina en postos relevantes do proxecto, entre outros aspectos.

Subvencionaranse mediante esta convocatoria gastos realizados entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de maio de 2026 que teñan que ver coa creación, consolidación ou impulso da imaxe de marca do artista ou banda, os estudos de mercado e as estratexias de posicionamento, a concepción, o lanzamento e a presentación dun novo produto musical, os labores de promoción, ou a gravación e distribución de traballos discográficos.

A Xunta asume estas novas axudas con fondos propios, tras unha convocatoria anterior publicada en 2022 ao abeiro do Hub Audiovisual Industria Cultural Galega con cargo aos fondos Feder dentro do eixo React-UE. Os 29 proxectos artísticos subvencionados daquela volta non poderán optar ás axudas de 2025, de xeito que teñan cabida nelas novas propostas galegas cara ao seu ascenso ou consolidación no mercado musical.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais e en diálogo cos principais colectivos sectoriais, introduciuse outra serie de modificacións nos requisitos de solicitude e nos criterios de selección para unha mellor adecuación á realidade do sector en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVERÁ O ESTUDO DA LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS NA UNIVERSIDADE BRASILEIRA DA BAHÍA DURANTE OS VINDEIROS TRES ANOS

- O Consello da Xunta autoriza o convenio para a docencia, investigación e promoción do noso idioma nesta institución académica coa que se leva colaborando desde 1996
- Tense seleccionada xa unha persoa para unha praza de lectorado, que comezará o 1 de xaneiro de 2025 e finalizará ao remate de 2027
- O acordo forma parte da estratexia de internacionalización da nosa lingua para que sexa obxecto de estudo en máis de 30 universidades de todo o mundo

A Xunta promoverá o estudo da lingua, literatura e cultura galegas no Brasil a través dun convenio de 12.000 € coa Universidade Federal da Bahía e cun período de duración de tres anos. Así se anunciou hoxe no Consello da Xunta onde se deu luz verde á sinatura dun convenio para a docencia, a investigación e o impulso da lingua nesta institución académica, que suporá ademais a contratación dun persoa para unha praza de lectorado.

A achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude será de 12.000 €, repartidos en 4.000 € por cada unha das tres anualidades (2025-2027) que ten de vixencia este convenio, e que renova o asinado para o período 2022-2024. Cómpre lembrar que con esta finalidade de promoción do galego no Brasil, a Xunta e a Universidade Federal da Bahía manteñen esta colaboración desde hai 24 anos con sinaturas de convenios plurianuais, establecidos desde 1996.

Este tipo de acordos forman parte da estratexia do Departamento da Lingua do Goberno galego que ten establecido entre os seus obxectivos a proxección exterior do galego, á vez que a consolidación do ensino e a investigación do galego nas universidades en que xa existe como materia de estudo, ao tempo que introduciilo noutras universidades de interese estratéxico.

Actividades de difusión e praza de lectorado

Para acadar este obxectivo, este convenio suporá darlle continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo desta universidade brasileira. Ademais, tamén inclúe a organización de actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión a través de cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas ou exposicións, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia. De igual xeito, tamén establece a adquisición de material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario.

Ademais, débese salientar que na Universidade Federal da Bahía xa está seleccionada unha persoa adxudicataria da praza de lector de lingua, literatura e cultura galegas cun período de duración desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2027.

Reforzo da estratexia de internacionalización da lingua e cultura galegas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A autorización deste convenio supón un novo paso da Xunta de Galicia na súa liña de traballo para promocionar a lingua galega en distintas partes do mundo. Trátase dunha estratexia que permite que na actualidade o galego sexa obxecto de estudo en 36 universidades nacionais (9) e internacionais (27).

A esta iniciativa súmase que o Goberno galego tamén ten en marcha bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en diferentes universidades do mundo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INTEGRA O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO MUÍÑO DO PAN DE BAAMONDE NO SISTEMA GALEGO DE CENTROS MUSEÍSTICOS

- O Consello aproba a incorporación deste espazo do concello lugués de Begonte xestionado pola Asociación Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde
- Na actualidade, a listaxe de organismos expositivos que xestiona o Goberno galego suma un total de 89 institucións, das cales 20 son coleccións museográficas

A Xunta de Galicia integra o Centro de Interpretación do Muíño do Pan de Baamonde no Sistema galego de centros museísticos. Así se acordou hoxe no Consello, onde se deu luz verde á incorporación deste espazo do concello lugués de Begonte que está xestionado pola Asociación Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde.

O Consello autoriza esta decisión tras a avaliación dos informes que verifican o cumprimento dos requisitos exixidos para formar parte da rede galega de organismos expositivos que xestiona o Goberno autonómico e que, na actualidade, suma un total de 89 institucións, das cales 69 son museos e 20 son coleccións museográficas.

Así, o Muíño do Pan de Baamonde é un ben construído seguindo a arquitectura tradicional da Terra Chá que se atopa no espazo natural da ribeira do río Parga. Grazas ao proceso de rehabilitación levado a cabo pola entidade que o xestiona, na actualidade, este espazo confórmase como unha aula en que se ensina o seu funcionamento e onde, a través de paneis informativos, se proporcionan as claves da súa historia. Deste xeito, ponse en valor o carácter etnográfico do oficio de moer para obter a fariña que está estreitamente vencellado ás tradicións e ao contexto social do rural galego nesta localidade da provincia de Lugo.

O organismo titular do muíño conta cun plan de difusión de actividades con visitas guiadas, obradoiros, cursos ou rutas de sendeirismo, así como a promoción do uso deste espazo como entidade cultural a través de encontros, presentacións de libros e conferencias. Deste xeito, a súa inserción ao Sistema galego de centros museísticos permitiralle continuar con esta programación mediante o acceso a liñas de axudas públicas, a participación en accións formativas de interese para as súas iniciativas, o acceso a propostas colaborativas ou a actividades itinerantes promovidas pola Administración autonómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIA MICROFORMACIÓNS DESEÑADAS POLOS CLÚSTERS DE NOVE SECTORES ESTRATÉXICOS PARA CUALIFICAR MÁIS DE 17.000 PERSOAS TRABALLADORAS

- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración asinará convenios en materia de formación para o emprego coas entidades representativas de sectores fundamentais como o naval, o metal, a automoción, as enerxías renovables, a construción ou as TIC
- Dotada cun investimento de 7,5 M €, a iniciativa permite desenvolver ata o 31 de marzo do vindeiro ano máis de medio millar de cursos de curta duración, de carácter práctico e non formal, destinados tanto a traballadores ocupados como a desempregados
- As accións impártense desde os propios clústers para incrementar a súa eficacia, centrándose en ámbitos como a soldadura e a robótica no sector metalúrxico e os vehículos híbridos e eléctricos no eido das enerxías renovables, entre outras
- Galicia financia a reedición desta iniciativa, que xa beneficiou máis de 40.000 persoas, apoiándose no seu bo facer na execución dos fondos para a recualificación de traballadores, o que permitiu demandar e recibir unha ampliación desta partida
- Esta estratexia pioneira da Xunta complétase co financiamento de cursos á carta para as propias empresas e os impartidos a través do Servizo Público de Emprego de Galicia, potenciado para ser o gran nodo público de empregabilidade na comunidade

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos convenios entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e os principais clústers e entidades representativas de nove sectores estratéxicos da economía de Galicia para continuar impulsando a formación axustada á demanda das necesidades do tecido produtivo. O obxectivo, na liña pola que tamén avoga Europa, é favorecer a recualificación e cualificación da poboación activa —tanto persoas ocupadas como desempregadas— ao tempo que se incrementa a competitividade das empresas e se dá resposta a retos globais como a cobertura de vacantes.

Deste xeito, hoxe deuse o visto e praxe á colaboración que se formalizará co Clúster do Sector Naval Galego (Aclunaga), o Clúster do Sector do Metal (Asime), a Fundación Clúster da Automoción e a Mobilidade de Galicia (Ceaga), a Asociación de Centros de Ensino de Perruquería e Estética de Galicia (Cepega), o Clúster das Enerxías Renovables (Cluergal), a Federación Galega de Comercio, a Fundación Laboral de la Construcción, o Clúster da Función Loxística e o Clúster TIC de Galicia.

En global, o investimento roldará os 7,5 millóns de euros entre este ano e o 31 de marzo de 2025, co que se prevé a formación de máis de 17.100 persoas a través da realización de preto de 550 cursos. Desde 2022 xa participaron nestas accións, en que Galicia é pioneira en España, máis de 40.000 traballadores e traballadoras.

Itinerarios prácticos deseñados polos sectores

Coa sinatura destes convenios, a Xunta busca ir da man dos sectores produtivos con maior impacto e proxección no mercado laboral para impulsar a súa competitividade a través do talento especializado, acorde coas competencias concretas que precisan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os itinerarios que se imparten, de curta duración e de carácter práctico e non formal, son deseñados e impartidos polas propias entidades, o que incrementa a eficacia destes cursos. Algúns exemplos de accións impartidas este ano están relacionados coa soldadura e a robótica no sector metalúrxico, cos vehículos híbridos e eléctricos no sector das enerxías renovables e, no ámbito das TIC, realizáronse formacións sobre programación avanzada e desenvolvemento de aplicacións web, entre outras. Ademais, no eido da automoción, desenvolvéronse formacións en soldadura robotizada ou sobre linguaxe de programación Python.

Os cursos deben estar relacionados co Catálogo nacional de cualificacións profesionais. Deste xeito, os coñecementos adquiridos permiten ao alumnado participar posteriormente, se así o desexa, no procedemento de acreditación de competencias para obter un certificado de profesionalidade.

Impulso da formación flexible e á carta

Para a Xunta —e no marco das políticas activas de emprego cuxas competencias teñen as comunidades autónomas— a formación é un aspecto clave para seguir avanzando cara a un mercado laboral cada vez máis forte, dinámico e inclusivo.

Nesta liña, o Executivo galego avoga por continuar potenciando as experiencias curtas de aprendizaxe e a formación á carta como unha estratexia que atende tanto á necesidade de impulsar a competitividade das empresas —permitindo tamén asumir novos retos—, como á reciclaxe profesional da poboación ocupada e ao incremento das oportunidades laborais dos desempregados.

Para seguir reforzando esta área, a Xunta insiste en reclamar ao Goberno unha maior flexibilización dos criterios de repartición dos fondos finalistas para formación, tendo en conta as particularidades de cada territorio. Precisamente, a sinatura destes convenios cos clústers e entidades representativas apóiase no bo facer de Galicia na execución destes fondos, o que lle permitiu recibir unha partida adicional de 7 millóns de euros financiados pola Unión Europea, a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e froito da redistribución doutras CC.AA. e destinados ao desenvolvemento destas accións formativas.

Medidas pioneiras para potenciar a forza laboral interna

A cobertura das vacantes laborais é un dos desafíos que hoxe enfronta o mercado de traballo de xeito estrutural e ao cal Galicia está dando resposta a través de medidas pioneiras, en liña polo que avoga a Unión Europea para garantir o aproveitamento e a retención de talento no mercado interno e, en paralelo e dun xeito complementario, impulsar a mobilidade e a atracción de traballadores de terceiros países.

No referido á forza laboral da comunidade, Galicia aposta por unha estratexia integral de flexibilización da formación, a través de pílulas formativas e cursos á demanda do tecido produtivo. Deste xeito, as accións deseñadas polos clústers complétanse por

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

parte da Xunta co financiamento dunha batería de medidas que apoian a formación á carta para as empresas galegas e os impartidos a través do Servizo Público de Emprego de Galicia, que se está a potenciar a través de ferramentas pioneiras como EMI – premiada a pasada semana en Bruxelas– ou o novo acordo de actividade baixo un único obxectivo: facer máis efectivas as políticas activas de emprego. Este esforzo vai parello a accións destinadas a impulsar a participación de colectivos estratéxicos ou infrarrepresentados no mercado laboral como mozos, mulleres, persoas con discapacidade ou inmigrantes irregulares.

Fóra da comunidade, Galicia implementará en 2025 un ambicioso plan de atracción de talento, priorizando os galegos da diáspora, en que executará accións en orixe e sempre da man das empresas, co obxectivo de garantir a inserción laboral destes traballadores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MEDIO RURAL E O CLUB RAZA CAN DE PALLEIRO RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN A PROL DA RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DESTES ANIMAIS

- O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun novo convenio para o período 2025-2028 dotado con 80.000 euros para a realización de actividades de promoción, fomento e difusión da raza a través de actuacións dirixidas ao seu crecemento
- O Can de Palleiro é unha especie canina autóctona que foi recoñecida no ano 2001 debido ao interese xenético, social e cultural que supón para a nosa comunidade
- O club, que integra a maioría dos criadores de Galicia, é actualmente a única entidade recoñecida como colaboradora para desenvolver os programas de recuperación e para a xestión do libro xenealóxico desta raza autóctona canina

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e o Club Raza Can de Palleiro para a concesión dunha axuda destinada á realización de actividades de promoción, fomento e difusión deste especie canina autóctona, cun orzamento de 80.000 euros para o período 2025-2028.

As actuacións que se recollen no convenio están dirixidas ao crecemento desta raza, establecendo distintos mecanismos para asegurarse que as actuacións acaden os obxectivos previstos dentro do seu período de vixencia, que será do 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2028. Deste xeito dáselle continuidade á colaboración subscrita entre a Consellería e a asociación de criadores para o período 2021-2024, que vence ao remate deste ano.

A raza Can de Palleiro foi recoñecida no ano 2001, despois de comprobarse a existencia dunha poboación comunmente denominada así polo seus criadores, composta por exemplares que gardan entre si unhas características similares e diferenciadas doutras razas xa descritas. Debido ao interese xenético, social e cultural que supón para Galicia a súa recuperación, conservación e fomento, decidiuse publicar o seu estándar racial e a creación do seu libro xenealóxico.

Por outra banda, o Club Raza Can de Palleiro é unha asociación se ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións, constituída en 2002 co obxectivo de conservar, recuperar, mellorar, seleccionar, fomentar e difundir esta especie autóctona canina. Actualmente é a única entidade en Galicia sobre este tipo de animais en que se integran a maioría dos seus criadores. Ademais, é a única entidade recoñecida oficialmente como asociación colaboradora coa Administración autonómica para o seu programa de recuperación e para a xestión do seu libro xenealóxico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA ADXUDICA POR 1,7 M€ AS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PORTO DE SANTO ADRÁN DE COBRES, EN VILABOA

A actuación, cuxo prazo de execución é de 8 meses, consistirá na instalación dun novo dique de abrigo e permitirá habilitar pantaláns para albergar 16 novas prazas de amarre para embarcacións mexilloeiras, que darán resposta ás necesidades da frota da ría de Vigo

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, deu conta hoxe ante o Consello da Xunta da adxudicación das obras de ampliación do porto de Santo Adrán de Cobres, no municipio pontevedrés de Vilaboa. A Xunta investirá nesta actuación 1,7 millóns de euros, IVE incluído, e as obras terán un prazo de execución de 8 meses, tal como recolle a acta de adxudicación do contrato asinada esta mesma mañá. O importe de adxudicación supón unha baixa de máis de 91.000 euros netos e dun 6 porcentual respecto ao importe inicial de licitación que foi de 1,8 millóns.

As obras, que comezarán a principios de 2025, consistirán na instalación dun dique de abrigo flotante de formigón con francobordo alto para o reforzo do abrigo na lámina de auga do porto. Ademais habilitaranse 16 prazas de amarre a pantalán para embarcacións de esloras de entre 12 e 22 metros.

Con esta actuación dáse cabida en pantalán ao total da flota con base no porto de Santo Adrán de Cobres. Ademais, para mellorar as condicións de amarre, as prazas estarán dotadas de *fingers* de atracada e contarán con conexión de auga, luz e alumeado.

A ampliación do porto de Santo Adrán supón unha mellora das condicións de traballo do sector profesional bateeiro que desenvolve a súa actividade na ría de Vigo. De feito a mellora do abrigo e o amarre a pantalán supón un reforzo á seguridade das embarcacións atracadas nesta dársena.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA ADXUDICA POR 1,6 M€ A REPOSICIÓN E REFORZO DOS PAVIMENTOS EN VINTE E SEIS DOS PRINCIPAIS PORTOS AUTONÓMICOS

- Os traballos que desenvolverá Portos de Galicia consistirán na dotación e a reparación de firmes das vías, o saneamento de explanadas, a posta en cota dos pozos, sumidoiros e arquetas existentes e renovación da sinalización horizontal
- As obras executaranse en dársenas do conxunto da comunidade e terán un prazo de execución de 9 meses

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, presentou hoxe ante o Consello da Xunta o plan para substituír e reforzar os pavimentos esgotados en preto dunha trintena dos 122 portos autonómicos. A Xunta investirá así 1,6 millóns de euros, IVE incluído, e as obras terán un prazo de execución de 9 meses, tal como recolle a acta de adxudicación do contrato. O importe de adxudicación supón unha baixa de máis de 185.000 euros netos e dun 10,2 porcentual respecto ao importe inicial de licitación.

No marco deste plan executaranse obras que inclúen a dotación de novas capas de firmes de reforzo, a reposición naquelas zonas en que o pavimento estea esgotado e a reposición de firmes de formigón armado, ademais de labores de saneamento de explanadas. Como complemento destas actuacións, atenderase tamén a deixar a cota os pozos, arquetas e sumidoiros existentes e pintarse nova sinalización horizontal. Deste xeito, Portos de Galicia prevé mellorar a seguridade viaria de condutores e peóns que transitan pola zona.

Este plan beneficiará 26 portos das tres provincias costeiras. Na provincia de Lugo actuarase nos portos de Ribadeo, no cal se investirán 78.500 euros; Rinlo, tamén en Ribadeo, con 5.600 euros; Burela, con 66.200 euros, e Viveiro, con 85.600 euros. Polo que respecta á provincia da Coruña as obras realizaranse nos portos de Ortigueira, cun investimento de preto de 104.000 euros; Cariño, con case 16.000 euros; Cedeira, con 42.000 euros; Betanzos, con 40.000 euros; Lorbé, en Oleiros, con 43.000 euros; Malpica, con 46.000 euros; Laxe, con 40.000 euros; Camariñas, con 120.000 euros; Camelle, tamén en Camariñas, con 50.500 euros; Porto do Son, con 40.000 euros; Ribeira, con 180.000 euros; A Pobra, con 50.000 euros, e Rianxo, con 95.500 euros.

Finalmente en Pontevedra repóranse os firmes e pavimentos nos portos de Vilaxoán, cun investimento de 36.000 euros; Tragove e Santo Tomé, ambos en Cambados, con 103.000 e 55.000 euros, respectivamente; O Grove, con 76.000 euros; Meloxo, tamén no Grove, con 56.000 euros; Combarro e Campelo, ambos en Poio, con 95.000 e 27.000 euros, respectivamente; Bueu, con 29.000 euros e finalmente Cesantes, con 32.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MANTÉN EN 2025 O TRANSPORTE GRATUÍTO AOS MENORES DE 21 ANOS COA TARXETA XENTE NOVA E AOS MAIORES DE 65 ANOS COA TARIFA +65

- O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe da ampliación das bonificacións, que supón un investimento superior os 17 millóns de euros
- Máis de 230.000 persoas usuarias dos dous colectivos beneficianse na actualidade de ata 60 viaxes de balde ao mes

O Consello da Xunta avaliou na xuntanza de hoxe o informe da ampliación a 2025 do transporte gratuíto aos menores de 21 anos coa Tarxeta Xente Nova (TXN) e aos maiores de 65 coa tarifa +65. O investimento en ambas as medidas por parte da Xunta o vindeiro ano supera os 17 millóns de euros, 3 millóns máis que este ano. A través delas facilítanselles aos colectivos beneficiarios ata 60 viaxes de balde ao mes no autobús interurbano, no transporte marítimo da ría de Vigo e no ferrocarril de proximidade na área de Ferrol.

Nos primeiros nove meses deste ano emitíronse máis de 21.800 novas TXN, polo que na actualidade esta iniciativa pioneira da Xunta para o fomento do transporte público permite viaxar de balde en toda Galicia a case 127.000 menores de 21 anos, un 8% máis que ao comezo do ano.

Así, ata o final de setembro, os menores de 21 anos realizaron 4,88 millóns de viaxes gratuítas, un 11% máis que no mesmo período do ano anterior. Nesta liña, cómpre sinalar que as viaxes pagadas con esta tarxeta medraron o pasado ano ata os seis millóns, a cifra máis alta desde que se puxo en marcha, incrementándose un 24% con respecto ao ano anterior. Por concellos, Vigo é o que ten máis tarxetas Xente Nova activas, con 11.147 tarxetas, seguido da Coruña, con 9.090, e de Santiago de Compostela, con 6.883 tarxetas.

O obxectivo desta medida, posta en marcha pola Xunta en 2016 e que non deixou de medrar desde entón, é contribuír á economía familiar e facilitarlle á mocidade o acceso a servizos básicos ao tempo que se fomenta o transporte público e unha mobilidade sustentable nesta franxa de idade. Desde a súa creación o investimento supera os 27 millóns de euros.

No que se refire á tarifa +65, posta en marcha tamén con carácter pioneiro a comezos de ano, suma xa máis de 105.000 usuarios que realizaron ata finais de setembro 2,44 millóns de viaxes gratuítas. Por concellos, A Coruña é o que ten máis tarxetas coa tarifa +65 activas, con 12.709 tarxetas, seguido de Vigo, con 12.037, e de Santiago de Compostela, con 7.885 tarxetas.

Ambas as medidas enmárcanse no Plan de Transporte Público de Galicia, unha ferramenta de referencia no resto das comunidades e que supón un investimento anual de 150 millóns de euros, incluíndo o transporte interurbano, adaptado e escolar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELEVA A 19 M€ O INVESTIMENTO NO NOVO INSTITUTO DOMINGO VILLAR DE NAVIA DE VIGO

- O Consello da Xunta analizou hoxe o proxecto básico para construción do novo centro, que se remitirá de inmediato ao Concello de Vigo para a licenza
- O orzamento previsto para a obra increméntase en 5M €, un 36 % máis, para dar cabida ás melloras introducidas na súa planificación
- É o primeiro instituto deseñado de xeito íntegro baixo os parámetros do Plan da nova arquitectura pedagóxica

A Xunta vai investir 19M € no Instituto IES Domingo Villar de Vigo, 5M € máis dos previstos ata o momento. Este incremento do 36 % permite dar cabida ás melloras introducidas no proxecto ao longo da súa supervisión, que vén de rematar. As melloras atinxen, principalmente, á eficiencia enerxética do centro e á súa integración na contorna. De feito, o edificio construírse pensando en reducir nun 30 % o consumo enerxético respecto de edificios similares. Tamén se avanzou aínda máis sobre a accesibilidade e inclusividade do edificio e na flexibilidade do seu deseño.

Precisamente o Consello da Xunta analizou hoxe este proxecto básico, que se remitirá de inmediato ao Concello de Vigo para que o Goberno municipal poida conceder a licenza de construción do novo centro educativo do barrio de Navia.

Pola súa banda, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional continúa traballando no proxecto de execución para poder licitar a obra de edificación en 2025 e comezar a construción tamén no vindeiro ano. Ademais, previamente á obra física, a Xunta leva investidos xa máis de 350.000 € no proxecto do centro, que está a cargo da Unión Temporal de Empresas Iglesias Veiga Arquitectos e Mestura Arquitectos.

O IES Domingo Villar é o primeiro instituto de Galicia deseñado seguindo os parámetros académicos, tecnolóxicos e de sustentabilidade recollidos no Plan de nova arquitectura pedagóxica da Xunta. Terá capacidade para arredor duns 700 alumnos de ESO e bacharelato e ocupará unha superficie total de preto de 8.200 m², divididos en edificio principal de aulario, edificio de ximnasio e outros espazos complementarios.

Espazos versátiles

En consonancia co Plan de nova arquitectura pedagóxica, propónse unha organización espacial onde as distintas áreas funcionais fomenten a autonomía do alumno e, ao mesmo tempo, créanse lugares de encontro para os alumnos de diversos ciclos. Os espazos docentes serán acolledores e interactivos para fomentar novos modelos de aprendizaxe, dinámicos e adaptables.

Establécense secuencias de espazos de aprendizaxe, a modo de foros ou ágora. Trátase de espazos polivalentes centrais e comúns que permiten expandir as aulas para poder

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

compartir traballos ou experiencias mediante unha comunicación visual e funcional desde as estancias que os conforman.

O novo edificio está organizado na zona de aulas en seis grupos didácticos para cada curso de ESO ou bacharelato. Cada un deles inclúe as catro aulas do mesmo curso, a de desdoblamento e o foro correspondente. As clases teñen a posibilidade de agruparse dúas a dúas por medio de tabiques móbiles. Os foros, zona de traballo común para todos os grupos do mesmo curso, poden ampliarse retirando o tabique móbil que o separa da aula de desdoblamento. Esta versatilidade permite flexibilizar os espazos de traballo e adaptalos a cada circunstancia que xurda.

Pola súa banda, a biblioteca situarase na planta baixa, aberta ao exterior e con acceso directo, para ser usada con independencia do resto do centro.

Eficiencia enerxética

Na procura da eficiencia enerxética, as carpintarías exteriores na fachada sur das zonas en contacto cos patios contan cun beiril que protexe da incidencia solar cando este está alto, o que permite a entrada de luz e ganancias térmicas nos meses fríos e limita o sobrequecemento no período estival.

Ademais, todas as aulas e zonas sensibles dispoñen de protección pasiva mediante lamas con atenuación acústica, debido á proximidade da vía de alta capacidade.

Grande espazo verde

O proxecto integra a masa arbórea situada ao norte da parcela, de especies autóctonas con valor ambiental e paisaxístico. Este espazo funcionará como eixe vertebrador das circulacións do novo centro e como un patio verde. Ademais, para separar o centro da vía de alta capacidade próxima, proxéctase un noiro vexetal e unha barreira de árbores novas.

O centro estará dotado tamén cunha zona de aparcadoiro de bicicletas, inmediata ás novas ciclovías do barrio de Navia, para apoiar a nova mobilidade de proximidade.

Accesibilidade e inclusión

O novo edificio será accesible e inclusivo, evitando as barreiras ás persoas con mobilidade reducida e evitando factores discriminatorios. Prevese a colocación de sinalética e grafismos de tamaño e cor moi visibles que aclaren os itinerarios dentro do edificio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS MULLERES ADIANTAN AOS HOMES EN INSERCIÓN LABORAL TRAS CURSAR FP, UNHAS ENSINANZAS QUE AFIANZAN TAXAS DE EMPREGO DO 86 %

- Segundo o último estudo analizado no Consello, o 85,8 % dos titulados no ano 2022 están traballando, 53 puntos máis que no curso 2009/10
- Destaca a empregabilidade feminina, que sobe máis de dous puntos, así como a dos grupos de maiores de 25 anos
- A inmensa maioría dos enquisados considera que a formación que reciben é acorde coas competencias que lles demandan no mercado laboral
- Destaca tamén a permanencia do talento en Galicia, co 92,6 % dos titulados traballando na comunidade autónoma

A inserción laboral dos titulados de formación profesional en Galicia volve acadar un novo récord e, ademais, a taxa de emprego das mulleres supera á dos homes, segundo constata o último estudo de inserción laboral do alumnado de FP da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, que foi analizado hoxe no Consello da Xunta.

Segundo o devandito estudo, que ten unha periodicidade bianual, o 85,8 % das persoas tituladas en ensinanzas de FP no curso 2021/22 estaban traballando segundo as enquisas realizadas este ano, o que supón un crecemento dun 53,1 % con respecto ao 32,7 % dos titulados de FP do curso 2009/10, e un 0,4 % con respecto ao curso 2019/20 cando xa se acadara un histórico do 85,4 % que agora se volve superar.

No caso da FP dual -onde os estudantes combinan formación académica con formación práctica nas empresas dos respectivos sectores-, esta taxa de inserción elévase ao 97 %, unha porcentaxe idéntica á do último estudo.

Mulleres e maiores de 25 anos

Atendendo á análise de datos por estratos demográficos, cómpre salientar a mellora da inserción laboral das mulleres, que acada o 86,2 % (unha suba do 2,1 % con respecto ao estudo anterior), o que sitúa este colectivo con taxas de empregabilidade superiores ás dos homes (un 85,4 %).

En canto aos tramos de idade, a dinámica alcista rexístrase, sobre todo, nos maiores de 25 anos. Así pois, o maior crecemento dáse no grupo de maiores de 30 anos, que medra 2,4 puntos ata o 90,1 % fronte ao 87,7 % do último estudo. O grupo de idade entre os 25 e os 29 anos tamén rexistra un crecemento de 1,9 puntos ata o 86,8 % fronte ao 84,9 % anterior.

Outro dos aspectos máis relevantes é a permanencia do talento en Galicia, co 92,6 % dos titulados traballando na comunidade autónoma no momento actual, cifra que se eleva ao 96,2 % se se ten en conta a localización do primeiro emprego tras titular. Isto avala unha das fortalezas da FP galega, que é o deseño dunha oferta acorde coas necesidades socioeconómicas da contorna e que os datos corroboran que contribúe a fixar poboación no territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto aos sectores de emprego, a maior parte dos titulados (o 81,2 %) traballa no sector privado por conta allea, mentres que un 14,3 % faino no sector público e un 4,5 % opta polo autoemprego.

Aumenta o nivel de satisfacción

Os resultados positivos de empregabilidade tradúcense nunha boa percepción destas ensinanzas por parte do alumnado en canto a nivel de satisfacción coa formación recibida. Así pois, o 87,2 % asegura sentirse satisfeito, unha porcentaxe que aumenta con respecto ao 86,7 % do anterior estudo.

A maior parte dos titulados considera, ademais, que recibe unha formación adecuada en novas tecnoloxías, cuestión que avala o 79,2 % dos titulados de ensinanzas de grao medio, o 77,9 % dos de grao superior e o 76,4 % dos de FP básica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ULTIMA O PLAN DIRECTOR DO NAVAL 2025-2027 AO QUE DESTINARÁ MÁIS DE 60 M€ PARA XERAR EMPREGO DE CALIDADE E INCREMENTAR A COMPETITIVIDADE NO SECTOR

- O anteproxecto será remitido a todos os axentes que participaron na súa elaboración, e solicitaranse informes ao Consello Galego de Economía e Competitividade e ao Consello Económico e Social, antes da aprobación definitiva no Consello da Xunta
- O documento artículase arredor de dous obxectivos estratéxicos, cinco eixes de actuación e sete ámbitos de prioridades que van desde a internacionalización, a dixitalización, a sustentabilidade ou as persoas, entre outros
- O naval foi declarado como un dos seis sectores estratéxicos da economía galega, que achega o 3,5 % do PIB e preto de 14.000 empregos directos aos cales se suman varios miles máis vinculados á cadea de valor e á loxística

O Consello da Xunta coñeceu o anteproxecto do Plan director do sector naval 2025-2027, que prevé destinar máis de 60 millóns de euros para potenciar o desenvolvemento da actividade nesta industria declarada estratéxica o pasado mes de febreiro xunto coa metalmecánica, a automoción, o sector forestal-madeira, a industria das TIC e a loxística industrial. Deste xeito, o documento será enviado de xeito inmediato a todos os axentes que participaron na súa elaboración, e solicitaranse os informes do Consello Galego de Economía e Competitividade e Consello Económico e Social, como paso previo á súa aprobación no propio Consello da Xunta antes de que remate o ano.

O anteproxecto do Plan director do naval prevé dous obxectivos estratéxicos, cinco eixes de actuación e sete ámbitos de prioridades que van desde a internacionalización, a dixitalización, a sustentabilidade ou as persoas, entre outros. Inclúe tamén 62 medidas concretas que se desenvolverán ata o ano 2027 por parte das distintas consellerías da Xunta de Galicia.

Nomeadamente, entre esas medidas inclúense iniciativas de apoio e asesoramento en materia de internacionalización a través da posta en marcha do Programa Re-acciona internacionalización, que prestará o Igape dentro do Programa Re-acciona; ferramentas de apoio a proxectos de I+D+i no seo dos novos programas de innovación Ticket innova e Igape Innova, ou os Bonos talento empresa para aproveitar o coñecemento das persoas traballadoras máis veteranas das súas organizacións, apoiando a transferencia de coñecemento entre traballadores/as sénior e as novas incorporacións nas empresas.

O plan prevé un seguimento das medidas que se desenvolverán, que se realizará conxuntamente co sector, e permitirá a súa adaptación ou redefinición, de maneira que os axustes realizados se plasmarán nas futuras actualizacións e modificacións do dito plan que se considere necesario facer.

Amplo proceso colaborativo

O plan director elaborouse logo dun proceso participativo e colaborativo de interlocución con todo o sector. Tal é así que, unha vez declarado o carácter estratéxico

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

da construción naval por parte do Consello da Xunta, levouse a cabo unha consulta pública a través do Portal de transparencia e goberno aberto para solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas.

Tamén se solicitou a participación das consellerías con competencias nas distintas actividades, así como a do sector privado, representantes dos traballadores e resto de axentes implicados. De feito, neste proceso colaboraron de xeito activo ademais de Aclunaga, o Clúster do Naval Galego, que representa o 24 % do total de empresas relacionadas coa construción naval en España, unha ducia de estaleiros, preto dunha vintena de empresas da industria auxiliar, a Universidade da Coruña e a Fundación Centro Tecnolóxico Soermar, así como tamén as organización sindicais e empresariais.

Outros colaboradores chave na elaboración do plan director foron Asime, o Clúster Tic e o Clúster da Función Loxística, aos que acompañaron outras institucións e servizos de apoio como a Autoridade Portuaria de Vigo, a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal ou o Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos, entre outros.

Un sector estratéxico para Galicia

O sector da construción naval en Galicia é un pilar fundamental da economía rexional, que destaca pola súa capacidade de produción, de innovación e de adaptación ás demandas do mercado global. En 2023, Galicia foi líder en España en canto á construción de buques e contou cunha forte presenza no mercado internacional.

En 2022, o sector da construción naval representou o 3,5 % do PIB de Galicia, xerando un total de 2.447 millóns de euros e 14.000 empregos directos, concentrados principalmente en dous polos de actividade, —máis de 9.000 persoas traballadoras entre Vigo e Pontevedra, e 4.000 na contorna de Ferrol—, ao que hai que sumar varios miles máis de postos de traballo vinculados á cadea de valor e loxística en que se apoia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO DE MELLORA DE 31 PARADAS DE AUTOBÚS NA REDE DE ESTRADAS DA ÁREA URBANA DE PONTEVEDRA CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,3 M€

- As actuacións desenvolveranse en 4 estradas de titularidade autonómica ao seu paso polos municipios de Poio, Marín e Pontevedra
- Intervirase en 15 paradas no municipio de Poio, en 13 en Marín e en 3 en Pontevedra
- Os traballos incluírán a dotación de marquesiñas, a mellora da accesibilidade con rampas, información en braille e o incremento da visibilidade e iluminación
- O proxecto someterase nos vindeiros días a información pública, con efectos expropiatorios, co obxectivo de licitar as obras a finais do 2025 ou principios do 2026
- O Goberno galego segue a avanzar no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M € para a mellora de máis de 1.100 paradas en toda Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe someter a información pública o proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade de 31 paradas de autobús situadas na rede de estradas de titularidade autonómica no ámbito das rutas da área urbana de Pontevedra, que suporán un investimento de 1.318.936 euros.

Na reunión do Goberno galego tamén se acordou a aprobación provisional dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para desenvolver estes proxectos en 4 estradas autonómicas ao seu paso polos municipios de Poio, Marín e Pontevedra. Para a execución das obras será necesario expropiar un total de 55 predios privados, cunha superficie de 3.423,23 m².

En detalle, as intervencións levaranse a cabo nas estradas PO-308 e PO-310, ao seu paso polo concello de Poio; PO-551 e PO-313, no concello de Marín, e na PO-223, xa no municipio de Pontevedra.

Intervirase en 15 paradas no municipio de Poio, en 13 en Marín e en 3 en Pontevedra.

O proxecto aprobado provisionalmente hoxe polo Executivo autonómico, someterase nos vindeiros días ao trámite de información pública durante o prazo de 30 días.

A previsión da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é poder aprobar o proxecto a mediados de 2025, para a continuación realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución das obras ao final do vindeiro ano ou principios de 2026. O prazo de execución das obras é de 10 meses.

O proxecto enmárcase no Plan de infraestruturas da Xunta para unha mobilidade segura, verde e intelixente, e son susceptibles de financiación dos fondos europeos Feder 2021-2027.

Intervencións proxectadas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As intervencións proxectadas consisten, entre outras, na mellora dos apartadoiros para os autobuses e as súas cuñas de entrada e saída, así como no acondicionamento dos itinerarios peonís na contorna das paradas.

Os traballos comprenden a colocación de refuxios de tipo rural e urbano, en función do lugar onde se encontre a parada, mellorando o equipamento, con postes, bancos ou apoio isquiático. Os refuxios que se instalarán foron deseñados pola Dirección Xeral de Mobilidade, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Tamén se levará a cabo a mellora da accesibilidade para peóns, en xeral, e para persoas con mobilidade reducida, a través de medidas como a conexión das paradas cos itinerarios peonís, a execución de ramplas de acceso, información en braille ou pavimento podotáctil.

As obras incluírán medidas de seguridade, tamén con perspectiva de xénero, e eliminación de vexetación na zona de instalación dos refuxios, deseñados con paneis transparentes para que sexa visible a zona interior, o que mellorará a visibilidade, ademais de mellorar a iluminación ou a ampliación do espazo ao redor das propias paradas.


Tamén se levarán a cabo traballos de reforzo do firme naqueles puntos en que se instalen as citadas marquesiñas.

Con estas melloras preténdese fomentar o uso do transporte público, diminuindo os movementos de curto e medio percorrido en transporte privado, con orixe e/ou destino nas cidades de maior poboación.

O Goberno galego segue a avanzar nestes proxectos no marco do Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M € para a mellora de máis de 1.100 paradas en toda Galicia.

Imaxes dos planos onde se poden ver as diferentes tipoloxías de actuacións, e e tipoloxía das paradas que se instalarán nestas vías autonómicas:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



MODELO RURAL



MODELO URBANO

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 11,7 M€ EN ACTUACIÓNS PARA REFORZAR A RESILIENCIA FRONTE AO CAMBIO CLIMÁTICO EN 18 MUROS E NOIROS EN ESTRADAS AUTONÓMICAS AO PASO POR 12 CONCELLOS

- O Consello da Xunta informou hoxe sobre a Estratexia para mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático de muros e noiros na rede viaria autonómica
- Tras a inspección de máis de 360 muros e noiros por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, identificáronse 18 nos cales cómpre intervir para reforzalos
- Actuarase en noiros de estradas situadas en Brión, A Pobra do Caramiñal, Xermade, Monforte de Lemos, Sarria, Becerreá, Moaña, Petín, O Barco de Valdeorras ou Vilagarcía de Arousa
- O Goberno galego prevé licitar a finais deste ano ou comezos de 2025 a redacción dos proxectos de construción para levar a cabo traballos nos puntos localizados
- Entre as posibles actuacións que se van executar destaca a implantación de sistemas de sostemento como barreiras ou mallas, sistemas estruturais como muros ou a realización de melloras da drenaxe
- A Xunta vén desenvolvendo un sistema de inspeccións de pontes, obras de paso e tamén noiros e muros co fin de avaliar o estado de conservación destas estruturas e adoptar medidas ou executar actuacións, se é necesario, para garantir a seguridade

A Xunta investirá 11,7M € en actuacións para reforzar preto dunha vintena de muros e noiros en estradas autonómicas ao seu paso por 12 concellos. Así o reflicte o informe da Estratexia para mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático de muros e noiros, ao que lle deu hoxe luz verde o Consello da Xunta.

O Goberno galego prevé licitar a finais deste ano ou comezos de 2025 a redacción dos proxectos de construción para levar a cabo as actuacións nos puntos identificados. Estes traballos contarán con financiamento Feder do período 2021-2027.

En función das circunstancias en que se atope cada muro e noiro en particular, deseñaranse as actuacións máis idóneas para acadar unha maior conservación e seguridade.

Entre as intervencións que se acometerán, segundo as necesidades individuais de cada elemento, levaranse a cabo rozas, escavacións e implantación de sistemas de sostemento como bulonados, barreiras dinámicas ou mallas. Tamén se poderán dispoñer sistemas estruturais como muros de escolleira, perpiaño ou formigón, e pilotes. Nos proxectos que se desenvolvan tamén se inclúen melloras da drenaxe como execución de cunetas.

18 noiros en que actuar

Cómpre lembrar que a Xunta desenvolve un sistema de xestión de pontes e obras de paso co fin de avaliar a seguridade e o estado de conservación destas estruturas e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

adoptar medidas ou executar actuacións, se é necesario. Dado o éxito deste programa, a Axencia Galega de Infraestruturas tamén está a inspeccionar os principais noiros e muros para examinar a súa situación e acometer melloras cando se considere oportuno.

Neste sentido, a Axencia Galega de Infraestruturas, tras a inspección de máis de 360 noiros e muros na rede viaria autonómica, localizou 18 elementos en que son precisas intervencións de monitorización ou sostemento.

Na provincia da Coruña, a Estratexia identifica noiros obxecto de intervención na estrada AC-544, no concello de Brión, ou na AC-305 na Pobra do Caramiñal.

Na provincia de Lugo, actuarase en noiros situados na vía de altas prestacións CG-2.2, en Monforte de Lemos; na autovía Ferrol-Vilalba (AG-64), ao paso por Xermade, ou nas estradas LU-642, no Incio; na LU-933 en Quiroga; na LU-722 en Becerreá ou na LU-536 en Sarria, entre outras.

Na provincia de Ourense, as inspeccións realizadas na rede viaria autonómica identificaron necesidades de actuación en noiros localizados na estrada OU-533 en Petín, na OU-121 no Barco de Valdeorras.

Na provincia de Pontevedra, os traballos de acondicionamento realizaranse en noiros situados en distintos puntos da autovía do Morrazo (AG-46), na variante de Vilagarcía de Arousa (VG-4.7).

No seguinte cadro amósanse as estradas en que se actuará, así como os municipios en que se atopan as zonas obxecto de intervención.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estrada	NOME
OU-533	Petín
AG-46	Moaña
AG-64	Xermade 1
AG-64	Xermade 2
LU-722	Becerreá
LU-933	Quiroga
LU-642	O Incio
CG-2.2	Monforte 1
CG-2.2	Monforte 2
OU-121	Valdeorras
AC-544	Brión
CG-2.1	Monforte 3
CG-2.1	Monforte 4
CG-2.1	Monforte 5
LU-536	Sarria
VG-2.1	Monforte 6
VG-4.7	Vilagarcía
AC-305	Pobra

Na seguinte imaxe, un exemplo de instalación dunha malla de protección nun noiro.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE O PLAN SANITARIO GALEGO DE INVERNO INCLÚE POR PRIMEIRA VEZ UNHA REDE DE FARMACIAS SENTINELA E UN MODELO MATEMÁTICO PARA PREDICIR AS NECESIDADES DERIVADAS DE INFECCIÓN RESPIRATORIAS

- Destaca que Galicia será pioneira na posta en marcha deste plan para “afrontar coas máximas garantías a tempada de gripe e infeccións respiratorias”, que suporá un investimento extraordinario de 8 M€ en persoal, sumado aos 11,3 M€ do orzamento en vacinas
- A Consellería de Sanidade disporá semanalmente de datos de dispensación de medicamentos antigripais e tests de antíxenos en 70 farmacias
- O novo modelo matemático permitirá “detectar cambios na evolución da epidemia de gripe con dúas semanas de antelación”
- Segundo a fase da epidemia prevista no plan, defínense actuacións comúns na atención primaria e hospitalaria do Servizo Galego de Saúde para previr e controlar a transmisión das infeccións e optimizar a asistencia sanitaria aos pacientes
- A campaña de vacinación fronte á gripe da Xunta continúa en marcha e acada o 80 % en maiores de 80 anos e máis do 56 % en nenas e nenos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello da Xunta deu luz verde ao Plan sanitario galego de inverno 2024-2025 que “conta como novidades cunha rede de farmacias sentinela e un modelo matemático que servirán para predicir as necesidades asistenciais derivadas de infeccións respiratorias agudas”.

Así, Galicia será pioneira na posta en marcha deste plan para “afrontar coas máximas garantías a tempada de gripe e de infeccións respiratorias”, a través da prevención, a vixilancia epidemiolóxica, a planificación dos recursos asistenciais e o seguimento e monitorización continua. “O plan suporá un investimento extraordinario de 8 millóns de euros en persoal, que se suman aos 11,3 millóns de orzamento da campaña de vacinación”, indicou Rueda.

Estas infeccións respiratorias agudas, especialmente a gripe, implican un aumento da carga asistencial no Servizo Galego de Saúde e na utilización dos seus recursos humanos e materiais. Por iso, o plan, elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde permitirá optimizar os recursos en función da situación epidemiolóxica de cada momento.

Para anticiparse, a Xunta crea unha rede de vixilancia de farmacias sentinela, con 70 oficinas, que, tal e como apuntou o presidente do Goberno galego, “informarán de forma semanal das dispensacións de medicamentos antigripais e de tests de antíxenos”. Isto permitirá analizar estas dispensacións comparándoas coa taxa de consultas por

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

infeccións respiratorias agudas en atención primaria e coa taxa de ingresos hospitalarios con gripe confirmada.

Do mesmo xeito, os sistemas de información empregados na vixilancia epidemiolóxica contarán cos rexistros semanais de consultas por infeccións respiratorias agudas (ademais de gripe e covid, tamén larinxite e amigdalite agudas, bronquite, pneumonía bacteriana e viral ou bronquiolite, entre outras). Así mesmo, incorporarase un novo modelo matemático que “permitirá detectar os cambios na epidemia de gripe con dúas semanas de antelación, baseado na Intelixencia Artificial”, explicou Rueda.

Con este plan, as sete áreas sanitarias contarán con recomendacións homoxéneas de medidas que se deben adoptar, tanto transversais como específicas, en función do escenario en que se atopen segundo a presión de urxencias e a ocupación da hospitalización. “O Servizo Galego de Saúde dispón de capacidade para ampliar o número de camas de hospitalización, en caso de ser necesario, en máis de 600”, lembrou.

A análise epidemiolóxica que se obtén de forma anticipada grazas aos modelos de predición “permite planificar a mobilización de recursos e optimizar procesos asistenciais”, especialmente nas áreas de urxencias hospitalarias, hospitalización e actividade cirúrxica.

Importancia da vacinación

Entre as medidas de prevención previstas pola Xunta no Plan sanitario galego de inverno está a campaña de vacinación estacional en que, nesta temporada 2024-2025, o investimento autonómico ascende a 11.372.772 euros. A compra de vacinas fronte á gripe supera os oito millóns de euros e o anticorpo monoclonal fronte ao VRS, os 3,2 millóns.

Desde setembro, o Goberno galego está a vacinar a poboación albo de forma progresiva en función da súa vulnerabilidade e idade. A pasada fin de semana ofreceuse nos hospitais galegos unha nova oportunidade para que nenos e nenas se protexan fronte á gripe e, para a poboación adulta, continúan abertos os centros de vacinación masiva.

Tal e como apuntou Alfonso Rueda, nestes momentos “xa foron vacinadas fronte á gripe máis de 615.000 persoas”, polo que animou a seguir inmunizándose contra este virus para evitar posibles complicacións. O obxectivo desta campaña é acadar un 75% de cobertura en maiores de 65 anos e, neste momento, esa porcentaxe supera o 62%. En canto ás persoas maiores de 80, a cobertura acada xa o 80% e, no referente a nenas e nenos, Galicia supera o 56% de vacinados.

Anticipación no sistema sanitario público

Galicia ten un sistema sanitario público sólido, dotado con 5.458 millóns de orzamento en 2025 e cos recursos humanos necesarios, máis de 43.700 profesionais, para garantir a protección da saúde dos galegos en todo o territorio e en todas as circunstancias.

Con anticipación e prevención, a sanidade pública galega foi capaz de facer fronte con éxito a un verán que se prevía complicado pola falta de profesionais sanitarios para

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cubrir as vacacións. Seguindo ese modelo, a Consellería de Sanidade deseñou este Plan de inverno para garantir a mellor cobertura sanitaria na tempada invernal, preparando todo o sistema para afrontar a vaga de gripe e as infeccións respiratorias. Deste xeito, a sanidade pública volve redobrar esforzos para salvagardar a saúde dos galegos mantendo a máxima calidade asistencial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA APOIA NOVAS INICIATIVAS PARA FOMENTAR A INNOVACIÓN E A COMPETITIVIDADE NO ÁMBITO DA ACUICULTURA

- As iniciativas aprobadas están dirixidas a mellorar a sanidade e o benestar das especies, á optimización da alimentación e nutrición, e a desenvolver ou introducir no mercado novas especies
- A Xunta apoia estas actuacións cun valor de axuda total que supera os 700.000 euros e un investimento de máis de 900.000 euros
- Con estas achegas, o Goberno galego apoia proxectos que desenvolvan coñecementos técnicos ou científicos nas explotacións acuícolas, que reduzan o impacto ambiental

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe da resolución das axudas para fomentar a innovación, a mellora tecnolóxica e a competitividade no sector da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), correspondentes ao ano 2024, e que están dotadas con máis de 700.000 euros e supoñen un investimento total que supera os 900.000 euros.

Trátase da primeira vez que se conceden estas achegas no marco deste fondo europeo, e están destinadas a incrementar a produción, atendendo a criterios de sustentabilidade da actividade, así como a mellorar a sanidade e o benestar dos animais, á optimización da alimentación e a nutrición, a desenvolver ou introducir no mercado novas especies, ademais de desenvolver coñecementos técnicos, científicos ou organizativos nas explotacións acuícolas que reduzan o impacto no ambiente, avalíen o impacto e a adaptación ao cambio climático, e melloren a rastrexabilidade.

Seis proxectos

En total, levaranse a cabo seis proxectos, que son os seguintes: *Avaliación de diferentes metodoloxías de atordamento para linguado senegalés aplicando innovadoras tecnoloxías electrofisiolóxicas* (LETEELEG), impulsado pola Asociación Clúster de Acuicultura en colaboración coa Universidade de Vigo, e cuxo obxectivo principal é deseñar e optimizar diferentes metodoloxías analíticas para o linguado senegalés, que permitan avaliar tanto o seu estado de consciencia como o seu benestar durante os diferentes procesos de atordamento previos á etapa de sacrificio para a súa comercialización; *Innovacións en vacinas orais para rodaballo* (VACALOR), impulsado pola Asociación Clúster de Acuicultura, en colaboración coa Universidade de A Coruña, e destinado ao desenvolvemento dunha formulación vacinal efectiva e accesible para a inmunización oral en rodaballo; *Mellora da supervivencia de semente de bivalvos no mar. Xestión para o control de mortalidades e inmunoprotección* (XESMORINM), impulsado pola empresa Proameixa Fernández, S.L., en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, dedicado á produción de semente de bivalvos no mar, mediante a aplicación práctica de coñecementos microbiolóxicos para a súa xestión; *Optimización integral do cultivo larvario do mero gris* (*Polyprion americanus*). *Melloras nos sistemas de cultivo e optimización na nutrición para unha produción sustentable* (ChernAdvance, presentado pola empresa Nueva Pescanova Biomarine Center, S.L., en colaboración coa Asociación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Clúster de Acuicultura, ten por obxectivo implementar un sistema para a produción sustentable de cherna en cativeiro, centrándose na fase de cultivo larvario; *Novos produtos refrixerados de microalgas para a alimentación acuícola* (MICROCOOL), impulsado pola Asoc. Nac. Fabricantes de Conservas de Pescado y Marisco, Anfaco-Cecopesca, en colaboración con la Universidade de Vigo, e dirixido a desenvolver procesos para a elaboración de pastas refrixeradas ou conxeladas de microalgas, a base de especies actualmente non presentes no mercado, para usos na alimentación de organismos filtradores de acuicultura; *Deseño e optimización de dietas para promover a sustentabilidade na acuicultura do polbo común* (OctoDiet), da empresa Nueva Pescanova Biomarine Center, S.L., en colaboración coa Universidade de Almería, está dirixido a mellorar o benestar animal, optimizando a súa nutrición poñendo o foco na orixe sustentable das materias primas.

Son proxectos que, a través do uso de tecnoloxías, permiten avanzar coa innovación en todos os ámbitos da acuicultura en campos como a alimentación, pensos sustentables, enerxías renovables, aspectos ambientais, novos sistemas de cultivo e de xestión de residuos, ou na mellora do cultivo.

Destinatarios

Son beneficiarios das axudas as empresas acuícolas e as súas entidades asociativas con ámbito de actuación local ou autonómico, que desenvolven proxectos de innovación en colaboración con organismos científicos ou técnicos recoñecidos polo Estado ou pola la Comunidade Autónoma de Galicia.